

ESQUEMA DO TEMA ORTEGA Y GASSET+MARÍA ZAMBRANO

I.- ORTEGA: RACIO-VITALISMO

1.1.- ANTECEDENTES QUE INFLÚEN NEL

- Neokantianos de Marburgo
- Historicismo de Dilthey: a filosofía ten que asimilar o momento “histórico”.
- Existencialismo de Heidegger e Sartre: vida auténtica, angustia vital: a vida é un “xerundio”: un proxecto, un quefacer, non algo fixo e rematado, un fluír coma o río de Heráclito.
- Vitalismo de Nietzsche: a diferenza é que o vitalismo de Nietzsche é “irracionalista” (nega toda a importancia á razón), mentres que o de Ortega concede certa importancia á razón, anque esta está subordinada á vida: a razón flota coma unha táboa no enorme océano da vida: a realidade radical é a vida, e a razón ten que estar subordinada á vida.
- O periodismo: el naceu nunha familia de periodistas: xornal “El imparcial” (un periodista metido a filósofo): el dicía que “naceu nunha rotativa” (máquina de facer periódicos).

1.2.- CRÍTICAS Á FILOSOFÍA “RACIONALISTA” ANTERIOR

- Crítica á filosofía “realista” (Desde Sócrates a Descartes)
- Crítica á filosofía “idealista” (Desde Descartes ata Hegel)

1.3.- A SÚA FILOSOFÍA RACIO-VITALISTA

- Distinta ao vitalismo “irracionalista” de Nietzsche. Para Ortega a razón xoga un papel na filosofía, pero esta razón está subordinada á vida que é a “realidade radical”

- Características do racio-vitalismo:

- a) “Eu son eu e a miña circunstancia e se non a salvo a ela non me salvo eu”: frase que resume a súa filosofía en “Meditacións do Quixote”
- b) Definición de “circunstancia”
- c) a vida é “actualidade”: o que facemos depende da circunstancia.
- d) A vida é “histórica e cambiante”: un puro “xerundio” non un “participio”: sempre se está “facendo”, nunca está “feita”: un continuo “cambio” que depende do momento “histórico”: un “todo flúe” (Heráclito).
- e) A vida é “angustia” (influencia do existencialismo de Sartre), un “problema”, un “drama”.
- f) A vida é “fin en si mesma”: non hai un “fin” máis alá (transcendente) coma no cristianismo, non hai unha “teleoloxía” transcendente.
- g) A vida componse de “circunstancia” e “decisión”: a primeira vennos dada, imposta, pero a segunda depende da nosa liberdade e valor para cambiala.
- h) A vida é “coexistencia e convivencia”: non somos individuos illados, senón que sempre temos que vivir en sociedade (zoom politikón de Aristóteles).

1.4.- TEORÍA DO COÑECEMENTO: non existe unha “única verdade”, senón tantas verdades coma puntos de vista de cada persoa, distintas “perspectivas”: **“perspectivismo”** (herdanza de Nietzsche).

1.5.- ANTROPOLOXÍA: non se pode definir ao ser humano de xeito estático (animal racional, por exemplo como facían os gregos), o ser humano nunca está xa “feito” (non é un “participio”), senón que sempre se está “facendo” (“un xerundio”): é un “proxecto”. A súa “esencia” non é fixa, estática, senón “cambiante” coma o río de Heráclito: todo flúe. O ser humano atópase ante distintas “posibilidades” da súa existencia (existencialismo de Heidegger e Sartre) e só pode vivir “elixino” entre elas.

1.6.- ÉTICA: hai que substituír o “imperativo categórico” de Kant, polo “imperativo vital” de Píndaro: “Chega a ser o que es”: sé fiel á túa propia natureza.

1.7.- POLÍTICA: Primeiro defensor da 2º República, despois sentiuse defraudado pola política republicana (artigo “Isto non é”), co ascenso do franquismo tivo que exiliarse, pero volveu a España en pleno franquismo. A súa postura fronte ao franquismo non foi clara (ambigua): silenciou o seu “agnosticismo” (para complacer ao réxime), pero tampouco dixo “Isto sí é”, como pretendía Primo de Rivera. Foi republicano pero con matices (defende un “elitismo”: as elites intelectuais deben dirixir as masas: aristocracia de Platón), defensor da división de poderes (contrario á ditadura), agnóstico (e non católico, coma o réxime franquista), pero non foi claro na súa postura ante o franquismo.

1.8.- INFLUENCIAS POSTERIORES: Escola de Madrid (especialmente María Zambrano).

-----0-----

II.- MARÍA ZAMBRANO: “ANCHEA O RACIOVITALISMO DE ORTEGA ATA CHEGAR Á RAZÓN POÉTICA

2.1.- ANTECEDENTES: o racio-vitalismo de Ortega, a mística do “amor” (Platón, a mística sufí e tamén a española), a poesía (Nietzsche e Heidegger)

2.2.- CARACTERÍSTICAS DA SÚA “RAZÓN POÉTICA”

- “Ancheamento” do racio-vitalismo de Ortega ata chegar á “razón poética”.
- Substitúe o pensamento “conceptual” (racional) polo pensamento “poético”
- O amor como expresión do seu pensamento ético-político: o amor (eros) debe fomentar un sociedade de “persoas”, non de “individuos”.
- Etimoloxía de poesía: do grego “poiesis”= producir, crear: de aí ven a palabra “poesía” (Aristóteles)

2.3.- POLÍTICA: dende a guerra civil española sempre se situou claramente a favor da república e en contra do franquismo; por iso nunca retornou do exilio 1984 ata que xa morrera Franco no 1975, ao contrario que Ortega que foi ambiguo co franquismo. Tamén está en contra do elitismo de Ortega. Todos os desastres bélicos do século XX que viviu non lle gusta chamarlle “crise”, senón “**orfandade**”: os seres humanos quedaron “orfos” despois de todos estes desastres. A súa idea dunha sociedade xusta é a de unha sociedade de “persoas” (non individuos) baseada no “amor” que nos saque desa “orfandade” xerada polos desastres bélicos do século XX. Que diría Zambrano dos desastres bélicos actuais se vivira? Supoño que seguiría mantendo que a única saída a esta nova “orfandade” é o amor e a poesía.

2.4.- O TEXTO A COMENTAR DE SELECTIVIDADE:

- 1) Resumo os antecedentes e as características da razón poética.
- 2) Despois sitúo o texto nas conferencias pronunciadas en México “Pensamento e poesía na vida española”

3) A continuación refírome á primeira frase do texto, na que se fala de dous conceptos explicados con anterioridade na conferencia: “realismo español” e “materialismo español”: explico brevemente estes dous conceptos.

4) E a partir de aí, **sigu o esquema que eu teño no final do tema**: hai dous extremos na cultura clásica: a filosofía “racional” e a “poesía”. Entre estes dous extremos está o “coñecemento poético”. Este pensamento sería o típico da cultura española, que a diferencia dos países europeos, e que non está escrita nos libros de filosofía, senón espallada na literatura, na mística e na poesía españolas. Os españois sempre fomos “vitalistas” e nunca nos “contaminamos” do racionalismo europeo e dos dualismos da filosofía (ontolóxico, antropolóxico...), tampouco debemos ser “elitistas” (Como Ortega), nunca construímos “sistemas filosóficos” e por iso mesmo sempre nos mantivemos “pegados” á natureza, sen inventar mundos transcendentales coma os europeos fixeron coa súa filosofía racionalista. A poesía é a única que pode expresar o “misterio” da natureza, non conquistándoa mediante os conceptos da razón, non violentándoa, senón estando á “escoita” (Heidegger), deixando que se mostren os seus misterios na poesía, na literatura, na mística, no amor cara á natureza e tamén cara as demais “persoas” (non individuos). A poesía propia do pensamento español (realismo e materialismo español) sácanos da orfandade e achéganos ao “divino” (unha defensa dunha divindade, fronte a Ortega que era agnóstico).

Influencias e premios:

- Defensa da muller
- Filla adoptiva do Principado de Asturias, 1978
- Filla Predilecta de Andalucía, 1981 (a estación de tren de Málaga leva o seu nome)
- Premio Príncipe de Asturias de Comunicación e Humanidades, 1981
- Doutora honoris causa pola Universidade de Málaga, 1982.
- Premio Extraordinario Pablo Iglesias, 1983
- Premio Miguel de Cervantes, 1988